

UNHA IMAXE É TAMÉN OUTRA IMAXE

Xacio Baño

1285

ESTREA EN NUMAX: 06.05.2024 | V.O. | 53 min

Con motivo do premio á exhibición outorgado por NUMAX ao filme 'Non te vexo', dentro do marco do INTERSECCIÓN - Festival Internacional de Cine de A Coruña 2023, artéllase esta sesión adicada a catro obras do autor que xiran arredor da imaxe fotográfica.

Augas abisais (2020)

[Clic]

Unha luz acéndese.

Son escorregadizos e difíciles de ver.

Habitan onde nada é.

Alá.

No fondo.

Contra o inverno (2023)

Nina Simone sabía como cantar.

Non te vexo (2023)

Un Mississippi, dous Mississippis, tres Mississippis.

Platónico, platónica (2024)

Créame o título para un filme sobre o amor.



Entrevista con Xacio Baño: "Necesito crear desde a ausencia das imaxes"

Por Manu Yáñez

Non te vexo pode verse como unha película sobre a ausencia, desde a primeira escena, na que escoitamos un diálogo sobre a pantalla en negro, ata a secuencia final, na que aparecen unhas figuras humanas ás que non lles vemos o rostro. Esta idea da ausencia xa funcionaba como eixo vertebrador das túas curtametraxes *Eco* e *Augas abisais*. Como relacionarías *Non te vexo* coa túa obra previa? O plano final de *Augas abisais*, a foto dun soldado da guerra civil comida polos bechos durante 80 anos ata eliminar o propio rostro, serviu de disparadeiro para *Non te vexo*. Teño que recoñecer que estou algo farto das imaxes. Xa non só unha desconfianza, que tamén, ante o caudal, a súa evolución e presenza en cada un dos momentos do noso día, necesito crear desde a súa ausencia. Coma se fose un reduto de tranquilidade e de repouso. E porque ese é sempre o reto: rodar o que non se pode ver.

Non te vexo naceu na pandemia. Mentres todo o mundo tentaba crear obras relacionadas co COVID e o sismo que creou, a min o corpo o que me pedía era revisar. Revisar o feito ata ese momento (rebuscar en brutos de anteriores traballos) e traballar, outra vez co descarte, co xa creado. Pero esta vez co descarte alleo. Así que me embarquei nun traballo de procura e de localización de fotografías descartadas por outra xente, con defectos, con dobres exposicións, recortadas, veladas, etc... Sen un fin claro. Soamente tiña o impulso de tocalas e pensar nelas. Tamén porque quería empezar a peza polo fondo, por unha atracción, e despois atopar a historia que a unise. Un pouco esquivando o camiño que xa andei.

Ademais, tiña claro que quería facer unha peza máis lixeira, que xogase co espectador (por iso a segunda persoa do singular no título), que xogase ao cucú con eles, que omitise conscientemente resolucións narrativas.

***Non te vexo* pareceume un tratado apaixonante sobre a creación fotográfica. Na curtametraxe, mostras como, a través da fotografía, o ser humano tenta fixar o seu presente e a súa identidade; con todo, as instantáneas tenden a ser difusas e maleables. As fotografías de *Non te vexo* rexistran unha realidade esquiva e, nas túas mans, préstanse á fabulación. Como definirías a túa concepción da creación fotográfica? Hai pouco lin que Platón, para resolver o problema do tempo, inventou o concepto da eternidade. Paréceme que iso subxace tamén na peza. Esa necesidade de quedar e perdurar. Nesa selección previa de fotografías con defectos e imaxes negadas (rexeitadas, recortadas, refugadas) quería buscar a contramáscara desa eternidade. E nesa fisura, atopar unha película.**

Unha imaxe, cando ten fisura, abre a porta ao outro. Aparecen moitas máis lecturas. Sobre todo porque estas fotografías con defectos poñen de relevo que hai alguén que mira, hai alguén que fai a foto. Ás veces, ao ver imaxes limpas e perfectas, esquecesenos que hai alguén que mirou, que encadrou.

E, como cineasta, reparar en que a imaxe debe dicir máis do que mira que do mirado, é algo no que quería profundar. Porque, ao final, ante unha fotografía cada un fai unha lectura distinta, e imaxes doutros poden servir para contar a nosa vida.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

A foresta e as árbores,
Margarita Ledo (coord.)
Galaxia, 2019

Sobre la fotografía,
Susan Sontag.
Debolsillo, 2015

*Wattebled o el rastro de
las cosas*,
Paco Gómez García.
Fracaso Books, 2020